

OPINIÓN

A Mariña

EDITA EL PROGRESO DE LUGO, S. L.

Burela:

Javier Rivera
Susana L. Montes
María L. Viñas
Suso Pena

Fotografía:

José María Álvarez Marciel
Xesús Ponte

Departamento Comercial:

José Manuel González

Viveiro:

Froilán Varela
María Marqués

Ribadeo:

Beni Mántaras
Pablo Villapol

PREGUNTOIRO

- ¿Cuántos jóvenes participarán en la jornada sobre los oficios de Barreiros?
- ¿Por qué no tenemos nueve meses de vacaciones y tres de trabajo?
- ¿Cuánta gente visitará hoy el primer mercado temático de Mondoñedo?
- ¿Cuántos se mojarán en Burela con el juego de 'corre-la auga' de Antroido?

O MIRADOIRO

Falabamos o pasado xoves nesta tribuna da fascinante aventura que se agocha en 'Morning Star', a magnífica novela de Xosé Miranda, gañadora da última edición dos premios Xerais 98. Hoxe lembraremos a obra que acadou, na mesma edición, o prestixioso Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil 'Memorias dun raposo' da que é autor Antonio Reigosa, natural de Zornán (Mondoñedo), apaixonado estudioso e investigador da literatura tradicional. Estes dous escritores, xunto con Xoán Cuba, son autores tamén dos volumes 'Contos Marabillosos' I e II da colección Cabalo Buligán que, convidados polo Seminario de Estudos Terra de Viveiro, estiveron con nós o pasado xoves, falando de literatura, con maiúsculas, que bebe da nosa tradición e crea mundos máxicos que bulen lixeiros polas corredeiras da imaxinación. 'Memorias dun raposo' é un libro de fábulas ben curioso e ben fermoso, no que non só se recompila a tradición oral se-

nón que se recrean historias populares coñecidas en todo o noso país, aquí e acolá.

O protagonista, o raposo maior do reino de Galiza Afonso Alfonso vive na Golpilleira, a casa grande dos raposos e baseándose na súa experiencia vai contándolles aos raposos máis novos unha serie de aventuras que explican o modo de actuar desta especie que vai... perdendo as maneiras.

Como en todos os libros de fábulas os animais (é ben coñecida a relación entre os cativos e os animais) teñen comportamentos huma-

TRIBUNA DA COSTA

XOÁN NEIRA

Recreando a tradición oral



nos: gatos, cans, galos, grilos e demais fauna son dalgún xeito paradigmas de valores, hábitos, conductas sociais... a pesar de que segundo o autor neste caso non pretende nin-

gunha ensinanza senón entreter e provocar a curiosidade.

Todo isto narrado con enxeño, brevidade e moito humor, cunha linguaxe inzada de xiros,

ditos, refráns, tirados das nosas raigames, da sabedoría popular (isto é un valor engadido) conforman unha historia engaiolante e divertida, absolutamente natural e au-



téntica junha gozadal.

Reigosa achéganos un mundo que se nos vai, que se lles vai aos nosos rapaces. Fai unhas reflexións rotundas e inquietantes cando di: "Mentres se pense que a tradición é produto da ignorancia non lles podemos esixir aos nosos fillos que miren atrás" e tamén comenta "unha sociedade que despreza a tradición e ós vellos, sendo indulgente, está en crise". Isto, ollo, non supón caer no ruralismo... nada é máis moderno que o que somos e o que facemos hoxe.

Non está en perigo a literatura tradicional senón a oralidade, a transmisión oral.

Este libro tráenos reminiscencias da imborrable pegada de Cunqueiro, o grandísimo fabulador que bebeu da tradición oral e contou "coma quen come pan", aló onde o mundo se chama Mondoñedo.

Así que como se dí na contracuberta: poñede a orella e escoitaredes todo o que se move, todo o que vive, anda, corre, dorme o que medra e o que morre... como tan ben puxo Afonso Alfonso, que diga Antonio Reigosa.